


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **reboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **tritución de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola PP2

Piñeiro do país *Pinus pinaster* Ait.



Piñeiro do país

Pinus pinaster Ait.

MODELO SILVÍCOLA PP2

Madeira de serra e chapa

1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** de 1.140 a 952 plantas/ha.
- **Marco da plantación:** 3,5 metros entre liñas, como mínimo, e 2,5 metros entre plantas, ata 3,5 m x 3 m.
- Utilizar planta mellorada de categoría cualificada ou controlada.

3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total.
- **Entre 2-5 anos:** roza mecanizada entre liñas de plantación e manual nas plantas.
- En rexenerados naturais deberase realizar, entre os 3-6 anos, unha desmesta sistemática ou manual que adecúe a densidade final de 900-1.100 pés/ha.



MODELO SILVÍCOLA PP2

ESPECIE: *Pinus pinaster* Ait., aplicable a formacións mixtas con *P. radiata* ou frondosas autóctonas

OBXECTIVO: madeira de serra e chapa. 400-500 pés/ha de calidade en corta final

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:**
 - Poda ata 2,5-3 m cando a altura da árbore sexa de 6-7 m e o diámetro sexa de 10 cm tras a primeira rarea.
 - Poda ata 5,5-6 m cando os pés acaden unha altura total de 12-15 m e o diámetro sexa de 18 cm. Só se fará sobre os pés que se deixen para a corta final.
- **Desmestas:** antes dos 8 anos deixaranse 900-1.000 pés/ha. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, espaxado ou retirada para aproveitamento no 50 % das entreliñas.
- **Rareas:**
 - Primeira rarea: aos 15-18 anos ata deixar uns 650-700 pés/ha.
 - Segunda rarea: aos 20-25 anos ata deixar 400 pés/ha.
 - Trituración de restos ou aproveitamento enerxético.
 - Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas.
- **Resinado:** compatible coa resinación de árbores que se van extraer nas rareas ou na corta final, nos 3-5 anos previos.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** 35-40 anos (menor queda en mellores calidades de estación).
- **Métodos de corta:** corta a feito ou a feito en dous tempos (con árbores pai, 25-50 pés/ha durante 5-10 anos).



Máis información do modelo